

PLAN DIXITAL

IES Faro das Lúas

[Versión 1.1 Xullo 2022]

Índice do Plan Dixital

- **Introdución**
 1. Datos básicos do centro
 2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 3. Breve xustificación do mesmo
 4. Proceso de elaboración
- **Situación de partida**
 1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 3. Análise DAFO
- **Plan de Acción**
 1. Obxectivos, indicadores e accións
 2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas
- **Avaliación do PD**
 1. Seguimento do Plan de Acción
 2. Propostas de mellora (revisión)
- **Difusión do PD**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: IES Faro das Lúas

Dirección: Rúa Cuxhaven, 7, 36620, Vilanova de Arousa, Pontevedra.

Email: ies.faro.das.luas@edu.xunta.gal

Etapas educativas: 1º a 4º ESO

Alumnado curso 21-22: 160 distribuídos como segue:

| Curso | N.º alumnado |
|--------|--------------|
| 1º ESO | 32 |
| 2º ESO | 53 |
| 3º ESO | 44 |
| 4º ESO | 31 |

O alumnado escolarizado no centro proceden, na súa maioría dos centros adscritos:

C.E.I.P. San Roque de Corón.

C.E.I.P. San Bartolomeu de Tremeoedo.

C.E.I.P. de Baión.

Un dato importante a sinalar é que todos eles contan con pouco número de alumnos e alumnas, aspecto que determina que cada vez sexa menor o número de alumnado que accede ó I.E.S.

Profesorado:

O claustro do centro está formado por 22 docentes dos que arredor do 80% son definitivos, o que supón unha porcentaxe favorable de cara á estabilidade na implementación do plan.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro (as podemos extraer do Proxecto Educativo).**

O I.E.S. Faro das Lúas é un Centro, creado no ano 2001, emprazado no centro urbano de Vilanova de Arousa, localidade pertencente á provincia de Pontevedra na Comunidade Autónoma de Galiza. Este municipio atópase no centro da ría de Arousa e enmarcado

polo océano Atlántico e mais o río Umia, que acentúan as chairas dun concello que eleva a súa altura a medida que discorre cara ó interior, acadando o seu punto máis alto no cumio do monte Lobeira.

O noso alumnado procede do ámbito rural e a maior parte deles acoden ó Centro no transporte escolar. As aldeas das parroquias das que proceden os nenos (András, Baión, Caleiro, San Miguel de Deiro, Tremoedo e Vilanova de Arousa), teñen un número de habitantes moi reducido e podemos dicir que o seu contacto con outros grupos da súa mesma idade, redúcese ó seu ámbito escolar.

A economía da zona baséase principalmente na pesca (as súas aldeas atópanse na zona das Rías Baixas), a pequena industria que xorde arredor destas actividades pesqueiras (industria conserveira) e na agricultura, principalmente vinícola. Neste sentido é importante dicir, que esta é a zona na que se producen viños con denominación de orixe, especialmente o Albariño.

Socialmente atopámonos con problemas relacionados co consumo de alcohol cada vez máis frecuente entre a mocidade desta xeración e o consumo de estupefacientes. Conseguir certo tipo de substancias é relativamente doado para calquera habitante da zona, polo que os nosos alumnos están expostos a certos perigos que poden prexudicar a súa saúde e integridade física. Aínda que non atopamos ningún caso deste tipo entre o noso alumnado, si debemos ter en conta o alto risco que corremos se non orientamos e informamos adecuadamente ao noso alumnado sobre das consecuencias que o consumo destas substancias lles poden causar, simplemente por estar situados nunha zona conflitiva respecto a este tema.

No referido ás alternativas de ocio que se lles ofrece, son relativamente escasas, xa que para realizar calquera actividade lúdica, cultural ou deportiva teñen que se desprazar varios quilómetros usando medios de transporte, polo que na maioría dos casos remítense a permanecer durante horas nos locais de ocio dos arredores ou nas rúas da vila.

Son moi poucos os que tiveron oportunidade de viaxar fora da súa comunidade e coñecer contornas e formas de vida diferentes, en definitiva outras culturas.

Dispoñen dunha contorna natural excepcional en canto á riqueza de flora, fauna, paisaxes etc., porén non son quen de poñelo en valor.

Con todo o noso alumnado é bo en canto ó seu comportamento nas aulas, e apenas rexistramos casos de conflitividade escolar durante estes anos de funcionamento do Centro. Son participativos, amosan interese por involucrarse en calquera actividade que se lles oferta, e son receptivos.

En relación coa conectividade á Internet:

- Algunhas familias das parroquias do interior teñen problemas de conectividade pero son casos moi puntuais.

- Unha porcentaxe mínima de familias con domicilio próximo ao centro urbano de Vilanova pretenden facer uso da wifi concello para que o alumnado traballo na casa o que supón certas limitacións.

- O alumnado do centro en situación de risco de fenda social tecnolóxica beneficiado coa cesión do equipamento facilitado pola medida, "Posto educativo no fogar", enmarcada dentro do programa "Educa en Dixital Galiza" inclúe a dous alumnos do centro. Este programa facilita kits dixitais co obxecto de ser prestados a estudantes e así garantir a igualdade nas condicións de acceso a Internet do alumnado galego. En ambos casos soamente precisaron un kit de conexión.

● **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.**

Desde hai uns anos, o centro fixo un esforzo por aumentar a dotación tecnolóxica e iniciar unha vía que fomentase o incremento no uso das TIC na aula e redundase nunha mellora académica así como na competencia dixital do alumnado.

Somos centro Edixgal dende fai seis cursos en 1º e 2º ESO, e desde o presente curso ampliamos o proxecto ata os cursos de 3º e 4º ESO. A implicación directa é que todo o alumnado dispón dun ordenador cedido pola Consellería.

Por outra banda, a Lomloe recolle a competencia dixital como unha das competencias clave que contribúe a acadar o perfil de saída do alumnado unha vez rematada a ESO, tal e como figura no Anexo I do actual anteproxecto: *"A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico."*

● **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**

O Plan Dixital contribuirá á PXA do centro nos seguintes aspectos:

- Formación do profesorado: Metodoloxías de avaliación mediante ferramentas dixitais. Creación de recursos educativos abertos e respecto da propiedade intelectual dos recursos alleos.

- Proxectos interdisciplinares e metodoloxías activas ABP: A solicitude dun Polo Creativo facilitará a implicación da maioría dos departamentos e materias en proxectos educativos que integren as competencias clave, especialmente a dixital, na práctica docente e nos procesos de aprendizaxe do noso alumnado.

- Implicación de toda a comunidade educativa no uso responsable das TIC, sobre todo das familias do noso alumnado: Detección de necesidades na formación e información das familias no uso das TIC na súa vertente educativa e as implicacións, consecuencias e riscos que un mal uso pode supoñer para o alumnado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital do IES Faro das Lúas responde ás instrucións ditadas nas seguintes normativas:


- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación:
"As Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe. As Administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Fomentarase a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade."
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
"Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten."
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.
"Procedemento de deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital
1. Ao longo do curso 2021-2022, cada centro dentro da súa autonomía elaborará o documento do Plan Dixital para que sirva de referencia a toda a comunidade educativa, de xeito que no curso 2022-2023 a súa aplicación sexa efectiva."
- Artigo 37 do Proxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, do 06/06/2022, que recolle no punto 1 o seguinte:
"Educación dixital
1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan dixital de centro, que se concibe como un instrumento para

mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.”

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do Plan Dixital do centro realízase polos membros do Grupo de Traballo creado dentro da liña Plan Dixital do PFPP, seguindo as directrices dos equipos ADIX habilitados pola Xunta de Galicia para o apoio dos centros de ensino. Utilizáronse as ferramentas postas ao dispor dos centros educativos como a plataforma SELFIE e o test CDD para analizar o punto de partida do plan dixital. Unha vez recollida toda a información dispoñible pasouse a detallar os obxectivos e accións xunto á súa secuenciación.

A secuencia de traballo foi a seguinte:




2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Conectividade.** O noso centro dispón dunha rede cableada e dúas redes wifi (abalar e edu.xunta.es) para dar servizo a todos os equipos dos que dispoñemos, tanto educativos como administrativos.

A conexión é proporcionada polo provedor contratado pola Consellería, a empresa Movistar. Desde este curso dispoñemos de fibra óptica. Con todo, con mal tempo a conexión non cableada adoita ser de mala calidade.



| Infraestrutura de datos (conectividade a internet) | | | | | | Infraestrutura de voz (telefonía) | |
|--|----------------------------|---------------------|--------|-----|------|-----------------------------------|-----------------|
| Puntos de rede cableada | Conexións sen fíos AP WiFi | Electrónica de rede | | | | | Nº de conexións |
| | | Router | Switch | SAI | Rack | Servidor | |
| 60 | 13 | 1 | | 1 | 3 | 1 | 7 |

- **Equipamento e infraestruturas dispoñibles no centro.** Na seguinte ligazón accédese ao inventario de material informático e audiovisual do centro. Somos un centro adscrito ao proxecto eDixgal nos catro cursos da ESO que impartimos, polo que as nosas aulas de referencia dispoñen de dotación de kits dixitais edixgal compostos de ordenador, PDI e proxector.

[Ligazón ao inventario de material e equipamento informático.](#)

● **Servizos dixitais educativos.**

Corporativos:

- Páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfarodasluas/>
- Aula virtual: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesfarodasluas/aulavirtual/>
- Eva edixgal: <https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php>
- EspazoAbalar: abalar

Non corporativos:

- Dominio propio en Google Workspace: @iesfarodasluas.com (Polo de agora estamos agardando que se nos poña a disposición dos centros unha ferramenta corporativa que nos ofrezca as mesmas funcionalidades, facilidades e accesibilidade ca esta plataforma non corporativa)
- Genially para o deseño de material educativo e contidos de difusión na web e RRSS e Blogs do centro.

● **Xestión do mantemento do equipamento do centro.**

O equipo TIC, na medida das súas capacidades, procura solucionar as incidencias relacionadas con calquera tipo de equipamento e que se recollen a través dun [formulario de incidencias TIC](#) colgado na web do centro.

As incidencias relacionadas co equipamento eDixgal (proxectores, PDIs e ordenadores de aulas edixgal, profesorado e alumnado) xestiónanse a través do Soporte Premium.

As incidencias no equipamento que non é dotación da Consellería xestiónanse a través da UAC.

As incidencias no equipamento que non é dotación da Consellería xestiónanse a través da empresa de mantemento informático contratada polo centro (CIN Informática)

No seguinte cadro recóllense as funcións e xestións do equipo TIC (a persoa TIC 3 desempeña tamén un cargo directivo, polo que as súas funcións consisten en servir de apoio cando os outros membros do equipo o necesitan).

| Xestións | Coordinación / Edixgal | TIC 1 | TIC 2 | TIC 3 | Empresa externa |
|--|------------------------|-------|-------|-------|-----------------|
| Actualización e mantemento dos equipos informáticos das aulas que non son edixgal, da sala de profesores, de | X | X | X | Apoio | X |

| | | | | | |
|---|-------|-------|-------|-------|--|
| administración. | | | | | |
| Mantemento da Aula virtual | Apoio | X | | Apoio | |
| Xestións relacionadas con Edixgal (plataforma, soporte premium, incidencias cos equipos do alumnado e profesorado) | X | Apoio | | | |
| Asignar, etiquetar, repartir e recoller os ordenadores edixgal do alumnado e do profesorado. | X | Apoio | Apoio | | |
| Clonar os ordenadores edixgal do alumnado e profesorado. (O soporte premium só clona os ordenadores do alumnado que se vai do centro) | X | | | | |
| Xestionar os acordos de cesión e devolución dos ordenadores edixgal do alumnado e o profesorado. | X | | | | |
| Elaborar información sobre o EVA-edixgal para as familias. | X | | | | |
| Actualización e publicación de contidos na Web do centro | X | | | X | |
| Actualización e difusión a través das RRSS | | | X | | |
| Mantemento das tablets | | | X | | |
| Xestión do dominio Google Workspace for Education (contas de correo de profesorado e alumnado) | X | | | X | |
| Axudar ao profesorado coas TIC | X | X | | Apoio | |
| Axudar ao alumnado coas TIC | X | X | X | X | |
| Redactar a memoria TIC | X | | | | |

- **Ligazóns aos protocolos do centro relacionados coas TIC**
[Plan de continxencia curso 2021-2022](#)
[NOF para o ensino online](#)
[Benvida TIC para o profesorado](#)

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Informe Selfie:

| Areas | Grupos | Ensinanzas | | | | |
|---|----------------|------------|-----|-------------|----|---------------|
| | | Primaria | ESO | Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
| A -Liderado | Equipo Direct. | | 3 | | | |
| | Profesorado | | 3.8 | | | |
| | Alumnado | | -- | | | |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | | 2.8 | | | |
| | Profesorado | | 2.9 | | | |
| | Alumnado | | 3.1 | | | |
| C- Infraestructuras e Equipos | Equipo Direct. | | 3.9 | | | |
| | Profesorado | | 3.9 | | | |
| | Alumnado | | 3.6 | | | |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | | 4.3 | | | |
| | Profesorado | | 4.3 | | | |
| | Alumnado | | -- | | | |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | | 4 | | | |
| | Profesorado | | 4.3 | | | |
| | Alumnado | | 4 | | | |
| F- Pedagogía: Implementación na | Equipo Direct. | | 3 | | | |
| | Profesorado | | 3.6 | | | |
| | Alumnado | | 3.3 | | | |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | | 2.6 | | | |
| | Profesorado | | 3 | | | |
| | Alumnado | | 3 | | | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | | 3.5 | | | |
| | Profesorado | | 3.7 | | | |
| | Alumnado | | 3.5 | | | |

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|-------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO | 14 | 14 | 100% |
| PROVISIONAL | 4 | 4 | 100% |
| INTERINO | 4 | 4 | 100% |
| SUBSTITUTO | 0 | 1 | 0% |

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 85,9 | Integrador/a (B1) | 76,4 | Integrador/a (B1) |

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|-----|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| ESO | 86,6 | Integrador/a (B1) | 79,2 | Integrador/a (B1) |

2.3. Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|--------------|---|---|
| A1 | | |
| A2 | 5 | 21.7% |
| B1 | 11 | 47.85 |
| B2 | 5 | 21.7% |
| C1 | 2 | 8.75 |
| C2 | | |
| TOTAL | 23 | 99.90% |

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, Test CDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|------------|-------------------------------|--|---|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO | 1. Boa dotación de equipos informáticos e dispoñibilidade de plataformas virtuais (centro edixgal) 2. Conectividade do centro boa en xeral 3. Apoio técnico - Soporte Premium (para incidencias edixgal) | 1. Baixa utilización de materiais dixitais que respecten as licenzas de propiedade intelectual. 2. Organización e difusión dos contidos dixitais da páxina web 3. Ausencia de repositorios compartidos con recursos educativos de creación propia. 4. Ausencia de conexión a Internet nos espazos do pavillón de EF e nas aulas de nova creación (vivendas habilitadas para a docencia) |
| | PERSONAL DOCENTE | | |

| | | |
|----------------------------|--|---|
| | <p>1. Predisposición da maioría para participar en actividades de formación e actualización do PFPP</p> | <p>1. Baixa autoavaliación da práctica individual docente 2. Baixa participación en actividades de formación sobre competencia dixital docente. 3. Baixo uso das tecnoloxías dixitais na práctica docente 4. Insuficiente formación sobre a propiedade intelectual e licencias de autor dos recursos educativos dixitais e descoñecemento dos REA</p> |
| PERSOAL NON DOCENTE | | |
| ALUMNADO | <p>1. Dispoñibilidade de equipo individual (edixgal) 2. Acceso a formación práctica dende a chegada ao centro 3. Motivación para a aprendizaxe con medios dixitais</p> | <p>1 Baixa accesibilidade a recursos dixitais para o alumnado con NEE 2 Baixo uso das tecnoloxías dixitais para abordar as MAD 3 Pouco uso das tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado 4 Pouco uso das tecnoloxías dixitais para buscar, avaliar e xestionar información e datos en contornos dixitais e resolver problemas. 5 Baixo emprego das tecnoloxías dixitais como ferramentas de comunicación e colaboración 6 Alumnado pouco concienciado no uso das tecnoloxías dixitais de forma segura e responsable</p> |
| FAMILIAS | <p>1. Accesibilidade a abalarmóbil 2. Predisposición do centro a facilitar orientación e formación no uso das tecnoloxías</p> | <p>1. Escasa participación das familias na vida do centro, incluídas as contornas dixitais 2. Pouco interese por formarse e informarse sobre as plataformas virtuais de aprendizaxe do alumnado, o</p> |

| | | |
|-------------------------------|--|---|
| | | que leva á baixa implicación no proceso de ensino - aprendizaxe 2 Inexistencia dunha ANPA que canalice iniciativas de formación dixital. |
| OFERTA | | |
| ORGANIZACIÓN DO CENTRO | <ol style="list-style-type: none"> 1. Importancia das tecnoloxías reflexada nos documentos do centro 2. Organización de actividades de sensibilización uso seguro de internet 3. Materia de libre configuración en 1ºESO 4. Uso de medios dixitais en xestión, administración e comunicación con toda a comunidade educativa 5. Coordinación e equipo TIC 6. Dispoñibilidade para atender á renovación e actualización do equipamento dixital 7. Atención as necesidades de actualización e formación do equipo docente 9. Interese en detectar necesidades do alumnado para reducir a fenda dixital | <ol style="list-style-type: none"> 1. Equipo directivo sen proxecto 2 . Falta de enquisas/ferramentas que permitan detectar deficiencias. |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|-------------------|---------------------------------|--|--|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | | 1. Exceso de Burocracia |
| | LEXISLACIÓN | 1. O marco europeo da competencia dixital docente (DigComp) | 1. Inestabilidade lexislativa |
| | CONTORNA | 1. O sinal Wifi do Concello pode presentar unha oportunidade para a inclusión dixital | 1. Problemas puntuais coa conectividade 2. Limitacións impostas polas características xeográficas da contorna e dos buses escolares |
| | ANPA | | Inexistente |
| | OUTRAS ENTIDADES | 1.A importancia das TIC no mundo laboral 2.A aparición continua de novos sistemas de coñecemento 3.O uso de novos medios dixitais como a ensinanza con realidade virtual. 4.Institucións como o CPEIG (Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia ou Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) | 1. Fenda dixital das familias co centro 2. Fenda dixital dentro das familias 3. Dixitalofobia dalgunhas familias que interfere coa aprendizaxe |

3. Plan de Acción

O noso plan de acción foi deseñado tendo en conta especialmente as debilidades e ameazas que detectamos no informe DAFO. Consideramos que son realistas, accesibles e asumibles pola nosa comunidade educativa, pois contamos coa implicación do profesorado (definitivo nunha grande porcentaxe), o alumnado e agardamos que das familias.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Nas seguintes táboas recóllense os obxectivos, indicadores e accións que consideramos necesarios para mellorar o desempeño competencial dixital en todos os niveis da nosa comunidade educativa. Os devanditos obxectivos pretenden ser acadados ao longo dos dous próximos cursos e son os seguintes:

- Mellorar a competencia dixital do profesorado sobre a propiedade intelectual, as licenzas de autor e os REA. Área de mellora. Liderado).
- Crear un repositorio de contidos dixitais de consulta para as familias na web do centro. Tutoriais e información sobre destrezas dixitais útiles (Área de mellora: Liderado).
- Deseñar proxectos interdisciplinares para que fomenten a competencia dixital do alumnado (Área de mellora: Pedagogía. Implementación na aula).
- Mellorar a formación do profesorado no uso de ferramentas dixitais corporativas de avaliación. (Área de mellora: Desenvolvemento profesional continuo).
- Usar tecnoloxías dixitais para a avaliación do alumnado (Área de mellora: Prácticas de avaliación)

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

| "Área/s de mellora": Liderado | | | | | | | |
|---|--|--|--|------------------------|--------------|-------------|--|
| 1. OBXECTIVO (1): | MELLORAR A COMPETENCIA DIXITAL DO PROFESORADO SOBRE A PROPIEDAD INTELLECTUAL, AS LICENZAS DE AUTOR E OS REA. | | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo directivo e Equipo TIC | | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Porcentaxe de profesorado e alumnado que recoñece coñecer e respectar as leis sobre a propiedade intelectual, as licenzas de autor e os REA. | | | | | | |
| Valor de partida (3) | 10% do alumnado e 20% de profesorado | | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 50% do alumnado e 70 % do profesorado | | | | Xuño de 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | | |
| DESCRICIÓ (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓ | | | |
| | | | | VALORACIÓ DA ACCIÓ (9) | ESTADO (10) | | |
| AO1.1: Ofertar microformacións ao profesorado sobre a propiedade intelectual, as licencias de autor e os REA. | Equipo TIC | Setembro 2022 | equipos informáticos, proyector e apuntamentos na av do centro | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| AO1.2: Atribuí paulatina mente os recursos dixitais educativos non propios do profesorado segundo as leis de propiedade intelectual. | Profesorado | Xuño 2023 | Equipos informáticos | | Realizada | | |
| AO1.3: Incorporar nas programacións de aula un criterio de avaliación baseado no respecto da propiedade intelectual e as licenzas de autor. | Profesorado | Ata a data límite de presentación de programacións | Equipos informáticos | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| AO1.4: Realizar enquisas ou | Equipo TIC | Xuño de 2023 | Equipos informáticos | | | | |

| | | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|--|
| cuestionarios entre o profesorado e o alumnado para determinar o indicador de logro acadado. | | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|--|

Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

| "Área/s de mellora": Liderado, Colaboración e redes | | | | | | | |
|--|---|--|--|--------------------------|------------------|--------------------|--|
| 2. OBXECTIVO (1): | Crear un repositorio de contidos dixitais de consulta para as familias na web do centro (titoriais e información sobre destrezas dixitais útiles) | | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo TIC | | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Participación en enquisas online (trimestrais) para profesorado e familias. | | | | | | |
| Valor de partida (3) | 0% familias. | | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 50% familias | | | | Outubro de 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | | |
| A02.1: Reunir información sobre que contidos dixitais deben ser coñecidos polas familias | Equipo TIC | 30 de xuño de 2022 30 de setembro de 2022 | Ordenadores, ferramentas e plataformas para a elaboración de enquisas, abalar, web do centro | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| A02.2: Diseñar e elaborar contidos dixitais de consulta útiles para as familias | Equipo TIC | 30 de outubro de 2022 | Páxina web, recursos TIC do centro, equipos informáticos | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| A02.3 Colgar o | Equipo TIC | 30 de novembro de | Páxina web, recursos TIC | | Realizada | | |

| | | | | | | |
|---|------------|--------------------|--|--|------------------|--|
| repositorio na web do centro para facelo accesible ás familias | | 2022 | do centro, equipos informáticos | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A02.4 Diseñar enquisas de seguimento para as familias | Equipo TIC | 31 de maio de 2023 | Ordenadores, ferramentas e plataformas para a elaboración de enquisas, abalar, web do centro | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

| "Área/s de mellora": Pedagogía: Implementación na aula | | | | | | |
|---|--|-----------------------|--|--------------------------|-------------|--|
| 3. OBXECTIVO (1): | Deseñar proxectos interdisciplinares que fomenten a competencia dixital do alumnado | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Docente que imparte a materia de Tecnoloxía e Dixitalización | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Desenvolvemento dun proxecto interdisciplinar coa participación de varios departamentos | | | | | |
| Valor de partida (3) | 0 materias implicadas no proxecto | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 3 materias implicadas no proxecto | | | Maio 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO3.1: Solicitar un Polo creativo | Equipo directivo | Setembro 2023 | Equipos informáticos | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO3.2: Planificar un proxecto que desenvolva as competencias dixitais do alumnado coa implicación dun mínimo de tres departamentos | Docente de Tecnoloxía e Dixitalización | Outubro 2023 | Equipos informáticos, currículos, ferramentas colaborativas, dispoñibilidade horaria | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO3.3: Realizar o desenvolvemento e seguimento das actividades e tarefas dixitais do alumnado, que implique un feedback coordinado do | Docente de Tecnoloxía e Dixitalización | Maio 2023 | Equipos informáticos, ferramentas dixitais, dispoñibilidade horaria | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| | | | | | | |
|--|--|-----------|---|--|-----------|--|
| profesorado | | | | | | |
| A03.4: Configurar as ferramentas dixitais de avaliación e coavaliación | Docente de Tecnoloxía e Dixitalización | Maio 2023 | Equipos informáticos, ferramentas dixitais, horas de coordinación | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

Táboa 4: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

| "Área/s de mellora": Desenvolvemento profesional continuo | | | | | | |
|---|--|-----------------------|---|--------------------------|-------------|--|
| 4. OBXECTIVO (1): | Mellorar a formación do profesorado no uso de ferramentas dixitais corporativas de avaliación | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo directivo | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Porcentaxe de docentes que se inscriban no PFPP do centro | | | | | |
| Valor de partida (3) | 20% do profesorado | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 50% do profesorado | | | | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| A04.1: Solicitar unha liña de formación sobre ferramentas, procedementos e técnicas de avaliación dixital canalizada a través do PFPP | Equipo directivo | Setembro de 2023 | Equipos informáticos e aplicacións corporativas | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A04.2: Lograr a participación do 50% do profesorado | Equipo directivo | Setembro de 2023 | Correo do centro e taboleiro de información e difusión de actividades e cursos de formación | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

Táboa 5: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

| "Área/s de mellora": Prácticas de avaliación | | | | | | |
|--|--|-------------------------|---|--------------------------|--------------------|--|
| 5. OBXECTIVO (1): | Empregar as tecnoloxías dixitais para a avaliación do alumnado | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Profesorado participante no PFPP | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Porcentaxe de docentes que usen as tecnoloxías dixitais para avaliar as competencias do alumnado | | | | | |
| Valor de partida (3) | 20% do profesorado | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 50% do profesorado | | | | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| A05.1: Configurar un caderno dixital de avaliación nas aulas virtuais (moodle ou edixgal) | Profesorado participante na formación do PFPP | Primeiro trimestre 2023 | Plataformas virtuais de aprendizaxe, equipos informáticos | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A05.2: Diseñar probas e tarefas para o alumnado que impliquen avaliación e coavaliación dixital | Profesorado participante na formación do PFPP | Maio 2023 | Plataformas virtuais de aprendizaxe, equipos informáticos | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A05.3: Realizar enquisas a profesorado e alumnado sobre as prácticas de avaliación ao remate de cada trimestre | Equipo directivo e equipo TIC | Xuño 2023 | Plataformas virtuais de aprendizaxe, equipos informáticos | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
 - a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A continuación establécense o equipos e infraestruturas tecnolóxicas necesarias no centro para desenvolver cada unha das accións, relativas aos correspondentes obxectivos proxectados dentro do plan de acción.

Algúns recursos son novos e outros fanse necesarios para repor ou substituír equipos deteriorados, obsoletos ou cun rendemento tan baixo que faría imposible a consecución do plan de acción dentro dos prazos establecidos.

Alén dos recursos recollidos nas seguintes táboas, serían necesarias tamén os seguintes equipamentos:

- **pantallas dixitais interactivas, das que o centro carece agora mesmo e que son moi necesarias nas seguintes aulas:**
 - taller de Tecnoloxía, aula de música e aula de usos múltiples (na que se imparten reforzos, latín, matemáticas e valores éticos)
- **router wifi**
 - o pavillón deportivo no que se imparten as clases de ef (carece de router, proxector fixo e pdi, **dotación que levamos anos solicitando para o centro**)
 - **aulas de usos múltiples: antigas vivenda destinada a persoal non docente que está sendo habilitada par uso educativo, por exemplo acoller o polo creativo.**

A ausencia deste equipamento, en concreto, limita a comunicación e interacción dixital entre profesorado e alumnado dentro destes dous espazos.

| OBXECTIVO DENTRO DA ÁREA DE "LIDERADO" | MELLORAR A COMPETENCIA DIXITAL DO PROFESORADO SOBRE A PROPIEDAD INTELECTUAL, AS LICENZAS DE AUTOR E OS REA. | |
|--|--|--|
| RESPONSABLES: Equipo directivo e Equipo TIC | | |
| ACCÍONS A DESENVOLVER | | |
| DESCRICIÓN | RECURSOS NECESARIOS | XUSTIFICACIÓN |
| AO1.1: Ofertar microformacións ao profesorado sobre a propiedade intelectual, as licenzas de autor e os REA. | Equipos informáticos portátiles para a formación do profesorado do centro, proxector e pantalla dixital interactiva. | Non hai equipos informáticos para a formación de todo o profesorado. A microformación fai imprescindible un proxector e unha pantalla dixital interactiva, conectados ao ordenador correspondente. |
| AO1.2: Atribuír paulatinamente os recursos dixitais educativos non propios do profesorado segundo as leis de propiedade intelectual. | | |
| AO1.3: Incorporar nas programacións de aula un criterio de avaliación baseado no respecto da propiedade intelectual e as licenzas de autor. | | |
| AO1.4: Realizar enquisas ou cuestionarios entre o profesorado e o alumnado para determinar o indicador de logro acadado. | | |

| 3.OBXECTIVO DENTRO DA ÁREA DE "Pedagogía: Implementación na aula: RESPONSABLE: Docente da materia de Tecnoloxía e Dixitalización | | DESEÑAR PROXECTOS INTERDISCIPLINARIOS QUE FOMENTEN A COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO | |
|--|--|---|--|
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | |
| DESCRICIÓN | RECURSOS NECESARIOS | XUSTIFICACIÓN | |
| A03.1: Solicitar un Polo creativo | <p><u>MOBILIARIO:</u> escritorio con gabetas, cadeiras lixeiras e apilables de fácil limpeza, mesas poligonais ou redondas para traballo en grupo, cadeiras con rodas, encerado, estantes e armarios metálicos, bancos de traballo,</p> <p><u>TECNOLOXÍA:</u> parafusos de banco (dous por banco de traballo), lixadora orbital, trade e brocas, serras de man, pistolas de pegamento termofusible, gafas de seguridade, batas, tesoiras, caladora, brochas, pinces, pintura, cola, etc.</p> <p><u>FABRICACIÓN E CONSTRUCCIÓN:</u> impresora 3D, fíos PLA para impresión 3D, secador de filamento, pinzas para impresora, laca impresión 3D.</p> <p><u>INFORMÁTICA:</u> Ordenador portátil con software para fotogrametría, impresora multifunción (escaneo das fotografías do arquivo histórico e impresión de cartelaría), software para fotogrametría instalado nos portátiles edixgal , escáner 3D, proxector e pantalla dixital interactiva</p> | <p>O espazo para o Polo Creativo é un espazo novo e totalmente diferenciado polo que precisa equipos e infraestruturas das co centro non dispón.</p> <p>O noso polo creativo terá como foco principal o deseño, a impresión 3D e a construción de modelos ou maquetas polo que precisamos os equipamentos relativos a estas actividades. Son especialmente importantes a impresora 3D, o filamento e o secador de filamento, tendo en conta o nivel de humidade medio en Galiza.</p> <p>O centro conta con dúas impresoras Legio León 3D, unha delas fóra de funcionamento. As impresoras forman parte do equipamento do taller de tecnoloxía e a que está operativa emprégase nas clases da materia.</p> | |
| A03.2: Planificar un proxecto que desenvolva as competencias dixitais do alumnado coa implicación dun mínimo de tres departamentos | | | |
| A03.3: Realizar o desenvolvemento e seguimento das actividades e tarefas dixitais do alumnado, que implique un feedback coordinado do profesorado | | | |
| A03.4: Configurar as ferramentas dixitais de avaliación e coavaliación | | | |

OBXECTIVO DENTRO DA ÁREA DE
"Desenvolvemento profesional continuo"

RESPONSABLE: Equipo directivo

MELLORAR A FORMACIÓN DO PROFESORADO NO USO DE FERRAMENTAS DIXITAIS CORPORATIVAS DE AVALIACIÓN

ACCIÓNS A DESENVOLVER

| DESCRICIÓN | RECURSOS NECESARIOS | XUSTIFICACIÓN |
|---|---|--|
| AO4.1: Solicitar unha liña de formación sobre ferramentas, procedementos e técnicas de avaliación dixital canalizada a través do PFPP | Equipos informáticos portátiles para a formación do profesorado do centro, proxector e pantalla dixital interactiva, aplicacións corporativas, taboleiro de información e difusión de actividades e cursos de formación | Non hai equipos informáticos para a formación de todo o profesorado. Esta formación fai imprescindible un proxector e unha pantalla dixital interactiva, conectados ao ordenador correspondente. |
| AO4.2: Lograr a participación do 50% do profesorado | | |

5. OBXECTIVO DENTRO DA ÁREA DE "Prácticas de avaliación"

RESPONSABLE: Profesorado participante no PFPP

USAR AS TECNOLOXÍAS DIXITAIS PARA A AVALIACIÓN DO ALUMNADO

ACCIÓNS A DESENVOLVER

| DESCRICIÓN | RECURSOS NECESARIOS | XUSTIFICACIÓN |
|--|---|--|
| AO5.1: Configurar un caderno dixital de avaliación nas aulas virtuais (moodle ou edixgal) | Equipos informáticos portátiles para a formación do profesorado do centro, proxector, pantalla dixital interactiva e plataformas virtuais de aprendizaxe. | Non hai equipos informáticos para a formación de todo o profesorado. Esta formación fai imprescindible |
| AO5.2: Diseñar probas e tarefas para o alumnado que impliquen avaliación e coavaliación dixital | | |
| AO5.3: Realizar enquisas a profesorado e alumnado sobre as prácticas de avaliación ao remate de cada trimestre | | |

4. Avaliación do plan

Cada ano, ao longo do mes de xuño e setembro, a persoa directora e a persoa coordinadora do plan, xunto co equipo dinamizador do plan dixital, manterán diferentes reunións nas que acordarán as datas nas que se revisarán o estado de execución das accións e as mesmas serán recollidas nun calendario compartido.

Na medida do posible elaboraranse enquisas que nos proporcionen a información requirida para a análise.

- Avaliación procesual:

- Seguimento: en xeral, trimestral.
- Para accións cuxo intervalo de tempo previsto de consecución sexa inferior a un trimestre, levarase a cabo una revisión ao vencemento da data prevista de finalización.
- A análise e valoración dos resultados acadados na execución das distintas accións, farase en base ao seu tipo e segundo os indicadores sinalados en cada un dos obxectivos. Para iso elaboraranse unhas rúbricas de valoración para os sectores da comunidade educativa implicados nos distintos obxectivos.

- Avaliación final:

- Seguimento: Anual (na última semana do mes de xuño). Tomando como referencia os resultados das valoracións procesuais, cubriranse nas táboas do Plan de Acción o grao de consecución de cada unha das accións que integran os distintos obxectivos.
- Toma de decisións: Dirección e responsable do Plan, en función do grao de cumprimento dos obxectivos, valorarán a necesidade de ampliar o prazo de implementación do plan ou de marcarse novos obxectivos, de modificar ou mellorar as accións.

5. Difusión do plan

O plan será presentado ao claustro e consello escolar en xuño do 2022.

Unha vez aprobado, estará publicado na páxina web do centro, nun apartado específico .

- Profesorado: Será informado da súa publicación e contido no claustro de comezo de curso, onde tamén se informará da revisión e avaliación do mesmo. Tamén se atopará na carpeta compartida co profesorado dentro de "plans e proxectos"

- Alumnado: Ao comezo de curso a través das titorías e do profesorado das materias, especialmente aquelas nas que as TIC teñan máis relevancia.

- Familias: Serán informadas no Consello Escolar de xuño e a través de abalar indicando o apartado no que se atopa publicado na páxina web. Tamén no consello

escolar de comezo de curso. Nas reunións coas familias de principio de curso, os titores informarán das liñas xerais do Plan Dixital.

Observacións:

Modificacións con respecto ao Plan Dixital versión 1.0:

No apartado **3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas** incluíronse as necesidades de dotación en infraestrutura seguintes (resaltadas en azul):

- **router wifi**
 - o pavillón deportivo no que se imparten as clases de ef (carece de router, proxector fixo e pdi, **dotación que levamos anos solicitando para o centro**)
- **aulas de usos múltiples: antigas vivenda destinada a persoal non docente que está sendo habilitada par uso educativo, por exemplo acoller o polo creativo.**